1. Le o texto que segue e responde ás preguntas que se propoñen:

Non resulta difícil afirmar que presenciamos un crecente interese por parte da antropoloxía e doutras disciplinas sociais polo tema das identidades socioculturais. A discusión sobre o tema recoñece cada vez máis –a pesar de opinións contrarias– que estas máis que ser estáticas e tender á homoxeneización, teñen unha tendencia cara a súa reestructuración e recomposición permanentes. Este proceso dáse normalmente a través de mecanismos que implican préstamos ou reapropiación de elementos de organización social e cultural que teñen con frecuencia unha orixe externa ós grupos humanos que se estudian. Os préstamos culturais provintes do exterior atópense a base da constitución de grupos discretos e quizais na actualidade, a particularidade destes procesos radica na súa multiplicación e na súa consecuente complexidade no contexto da fase actual do proceso de globalización.

Ricardo Téllez-Girón López "Antropología, identidades y globalización" en *Elementos*, nº 45, vol.9, marzo-maio 2002

Cuestíóns:

a) Cal é segundo o autor a opinión común dos investigadores á hora de considerar o tema das identidades?
b) Hai algo de especial no proceso de creación de identidades no actual proceso de globalización
c) Sinala outros temas de interese para antropoloxía no contexto de globalización.

2. Explica a orixe dos termos "desenvolvemento", "subdesenvolvemento", "primeiro mundo", "terceiro Mundo" e Norte e Sul.

SOLUCIÓNS

Solucións:

a) Que as identidades máis que ser estáticas e tender á homoxeneización, teñen unha tendencia cara a súa reestructuración e recomposición permanentes
b) Que estes procesos se multiplican e son máis complexos.
c) Os procesos de socialización e os procesos asociados ás migracións.

Solucións exercicio 3:

O concepto de “desenvolvemento” e “subdesenvolvemento” foi lanzado internacionalmente polo presidente norteamericano Truman no ano 1949. Medindo a riqueza dos paises desde os parámetros norteamericanos estes conceptos serviron para categorizar a áreas de poboación que sumaban 2000 millóns de persoas en “subdesenvolvidas” e para conceptualizar como destino desexable para todas as rexións do planeta o modelo económico americano.

Pouco despois, en plena guerra fría, acuñaronse os termos ‘Primeiro Mundo’ (Occidente capitalista), ‘Segundo Mundo’ (países socialistas) e ‘Terceiro Mundo’ (o resto). Aínda que nun primeiro momento esta categorización era tamén política co tempo adquiriu unicamente un sentido económico. A noción Terceiro Mundo designaba as áreas sundesenvolvidas, pobres, do planeta. Incluía máis de cen estados e tres cuartas partes da poboación mundial. Os principais compoñentes do terceiro mundo eran, por suposto, as antiguas colonias das potencias europeas: Latinoaméria, África, as illas do Pacífico e Asia (excepto Xapón e Israel).

En 1977, co respaldo do Banco Mundial e das Nacións Unidas, creouse a *Comisión Brandt* para abordar os temas do desenvolvemento internacional e en 1980 esta comisión popularizou os conceptos ‘Norte’ e ‘Sul’ para referirse á distribución xeográfica e asimétrica da riqueza mundial.